



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA CATORCE DE OUTUBRO DE 2014, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D^a. MARGARITA DEVEZA CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do concello de Vedra, sendo as vinte horas e quince minutos do día catorce de outubro de dous mil catorce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta. Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día trinta de setembro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares.

2.1.- Instancia núm. 201400000001192 de don Anselmo Sánchez Vázquez.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para obras de rehabilitación de vivenda, de aproximadamente 96 m² en planta, consistente en cambiar o tellado, colocando uralita e tella, e cambio de oito fiestras e unha porta (Expediente núm.: 2014/U009/000064), situada en Tomonde nº 45, en solo cualificado como solo de núcleo rural (N-1) segundo o vixente PXOM. As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 002307500NH43F0001BI.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- Non se modificará o volume actual da edificación. As obras non afectarán á estrutura da mesma e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns.

En cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a tella será cerámica, e de acordo co establecido no artigo 3 do Real



Decreto 1627/1997 de 24 outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento dous euros con oitenta e seis céntimos (#102,86#)

2.2.- Instancia núm. 201400000001192 de dona Mónica Estévez Ares.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Pedro de Sarandón, solicita licenza para proceder á parcelación da finca con referencia catastral 001901300NH43C0001PR, situada en Cubelas, en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural (N-2) e solo rústico de especial protección de espazos naturais (R-6), en dúas parcelas resultantes, de acordo co proxecto técnico presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Francisco Javier Bellet García.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda:

1º.- Conceder a licenza solicitada nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas municipais xa ingresadas na tesourería municipal, que ascenden á cantidade de cento vinte (#120,00#) euros

2º.- O terreo destinado a viais, cuxa cesión ao concello prevé a Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, farase efectiva cando se soliciten as licenzas de edificación de cada parcela.

3º.- Acordo, se procede, sobre concesión de autorización posta en funcionamento de actividade.

3.1.- Instancia núm. . 201400000000490 de O Forno de San Xián S.C.

Dáse conta do expediente tramitado a instancia de Forno de San Xián, S.C., representada por dona María José Peña Franqueiro para a actividade de Obradoiro de Pastelería en Paradela, 16- San Xián de Sales.

Tendo en conta que pola Xunta de Goberno local en sesión de data do 17 de xaneiro de 2012, concedéuselle a licenza para a actividade solicitada e que con data do 30 de abril de 2014, e achegando á solicitude a documentación requirida no acordo de concesión e nos termos da lexislación vixente, solicitouse a preceptiva visita de comprobación para autorización de posta en funcionamento.

Á vista das actuacións que constan no expediente a Xunta de Goberno acorda autorizarlle ao Forno de San Xián, S.C, representada por dona María José Peña Franqueiro a posta en funcionamento da actividade de Obradoiro de pastelería, denominada comercialmente O Forno de San Xián en Paradela, 16 - San Xián de Sales, nos termos do expediente tramitado ao que se achega a pertinente acta de comprobación.

Así mesmo que se expidan os documentos que acrediten a autorización.

3.2.- Instancia núm. . 201400000000755 de don Juan Sanjurjo Pereira.

Dáse conta do expediente tramitado a instancia de don Juan Sanjurjo Pereira para a actividade de *Pensión de 1 estrela* en Ponte Ulla, 3 –Ponte Ulla.



Tendo en conta que pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o 22 de maio de 2014, concedéuselle a licenza para a actividade solicitada e que con data do 11/06/2014, e acompañando a solicitude da documentación requirida no acordo de concesión e nos termos da lexislación vixente, solicitouse a preceptiva visita de comprobación para autorización de posta en funcionamento.

Á vista das actuacións que constan no expediente a Xunta de Goberno acorda autorizar a don Juan Sanjurjo Pereira a posta en funcionamento da actividade de *Pensión de 1 estrela*, denominada comercialmente *Pensión Juanito* en Ponte Ulla, 3 - Ponte Ulla, nos termos do expediente tramitado ao que se xunta a pertinente acta de comprobación.

Así mesmo que se expidan os documentos que acrediten a autorización.

4º.- Acordo, se procede, sobre adxudicación do contrato de subministración dunha furgoneta con caixa aberta, cabina sinxela e grúa traseira financiada pola Deputación Provincial a través de convenio .

Por Resolución da Alcaldía núm. 310/2014, de data 1 de setembro, despois de quedar desertos dous procesos de licitación para o subministro dunha *furgoneta con caixa aberta, cabina sinxela e grúa traseira para a brigada de obras municipal*, financiada parcialmente pola Deputación Provincial (80%) en virtude de convenio asinado (nº 2014/14), mediante procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación, acordouse proceder a unha nova licitación mediante procedemento negociado sen publicidade, de conformidade co establecido no artigo 170 c) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Con data 4 de xuño, por Resolución da Alcaldía (nº 361/14), á vista da proposta da Mesa de Contratación, de acordo co establecido no artigo 151.1 e 151.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, acordouse clasificar as ofertas presentadas e requirir a Gonzacar, S.L, para que presentase no prazo de dez días a documentación preceptiva para a súa adxudicación.

Dado que o citado licitador presentou en prazo a documentación requirida, de conformidade co establecido no artigo 151.3 e na Disposición Adicional Segunda do citado Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, a Xunta de Goberno acorda:

PRIMEIRO.- Adxudicarlle a Gonzacar, S.L, con CIF núm. B15380322 e domicilio social en Avda. Cruceiro da Coruña nº 236 (15890 Santiago de Compostela) o contrato de subministro dunha *furgoneta con caixa aberta, cabina sinxela e grúa traseira para a brigada de obras municipal*, de acordo cos seguintes extremos:

1.1.- O prezo total de adxudicación ascende á cantidade de cincuenta e seis mil cen (#56.100,00#) euros, analizados en corenta e sete mil catrocentos vinte e un euros con cincuenta e cinco céntimos (incluído o imposto de matriculación) (#47.421,55#) máis oito mil seiscientos setenta e oito euros con corenta e cinco céntimos (#8.678,45#) de IVE, que supón unha baixa de catorce euros con setenta e tres céntimos (#14,13#) sobre do tipo.

1.2.- O vehículo obxecto da adquisición será chasis: Transit tracción traseira FT 350 L3 Cab. Simple ambiente 2.2 TDCi 155 CV., e coas características e melloras ofertadas polo licitador-adxudicatario tal e como describe no seu documento das



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



referencias técnicas, e que, para a debida constancia e cumprimento, deberá engadirse, no anexo que proceda, ao contrato que se asine

1.3.- Prazo de entrega: tres meses dende a data de adxudicación do contrato.

SEGUNDO.- Dispoñer o gasto con cargo á partida 453-624 do orzamento de gastos.

TERCEIRO.- Notificarlle a Gonzacar S.L, adxudicataria do contrato, o presente acordo e requirilo para a formalización do mesmo.

CUARTO.- Publicar a formalización do contrato no Perfil do Contratante (www.concellodevedra.com).

QUINTO.- Comunicarlle os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Publico, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto refundido da lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

5º.- Facturas varias

Dáse conta das seguintes facturas:

Número Factura	Data Factura	Importe €	Nome Proveedor/Acredor	Descrición
142/2014	19/09/2014	2.335,30	BBVA Broker, S.A.	Seguro responsabilidade civil período 18/09/2014-18/09/2015 (compañía. AIG Europe, SA, póliza EA13AP1189)
VD 09/2014	30/09/2014	6.172,30	Ana Naya García. S.L.	Servizo de gardería na escola infantil municipal mes setembro
P406.262	22/09/2014	250,00	Editorial Compostela, SA	Concerto de publicidade de abril/2014 a marzo/2015 mes setembro
50	01/10/2014	6.241,48	Grupo Acofide, S.C.	Servizo de xestión de instalacións e actividades do polideportivo municipal mes setembro (prazo 12/48)
X58516	26/09/2014	95,70	Staples Productos de Oficina, S.L.U.	Papel A4 e outro material de oficina subministrado en setembro



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



10	30/09/2014	1.314,87	Suárez Barreiro Pilar	Servizo de atención e mantemento do albergue de peregrinos mes setembro
277-17/14 F	29/09/2014	10.016,50	Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.	Subvención do 3T/2014 pola prórroga do contrato de xestión dos servizos de abastecemento de auga e saneamento
4 Tickets	30/09/2014	42,32	Acredores diversos	Produtos para o servizo de madrugadores adquiridos en setembro
NO.54094	01/10/2014	197,10	Baby Concept, S.L.	Detalles para atencións protocolarias (agasallos por rexistro de nacementos) adquiridos en outubro
240	30/09/2014	525,96	García - García Centro Comercial (Jose García García)	Materiais subministrados para a obra construción de beirarrúas en Pousada-Vedra
94	30/09/2014	124,89	García García, S.C.	Materiais e produtos para a exposición do <i>Colectivo 15885</i> no museo Paz Camps en xuño de 2014
95	30/09/2014	191,78	García García, S.C.	Materiais para mantemento das escolas e diversas ferramentas subministrados no 3T/2014
96	30/09/2014	1.195,42	García García, S.C.	Materiais e vestuario para a brigada de obras subministrados durante o 3T/2014
97	30/09/2014	87,10	García García, S.C.	Luvas de nitrilo e zocas para o servizo de ATD (axuda no fogar) subministrados no 3T/2014



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



99	30/09/2014	387,74	García García, S.C.	Produtos subministrados no 3T/2014 para o servizo municipal de limpeza de locais
98	30/09/2014	277,51	García García, S.C.	Produtos limpeza e aseo, repostos, útiles e vestiario subministrados no 3T/2014 (punto limpo, P.Civil, brigada verde, recollida lixo)
440	30/09/2014	15,06	Maderas C. Lata S.L.	Materiais para a reparación da presa do Río Postillón en Caldelas subministrados en setembro
A 20	30/09/2014	1.512,50	Carpintería Rivadulla, S.L.	Subministro e instalación de 5 portas para a casa de cultura de Santa Cruz
A14/98	02/10/2014	205,70	Artes Gráficas Alonso, S.L.	Impresión de folletos para a campaña de promoción turística <i>Vedra de Tapas</i>
A/14.798	30/09/2014	314,30	Marbe Hispania, S.L. - Hormigones	Materiais para a reparación da presa do Río Postillón en Caldelas subministrados en setembro
29	29/09/2014	1.670,17	Instalac. Eléctricas Lino - Casal Neira Lino	Traballos realizados na obra construción dun novo ximnasio no polideportivo municipal
2014589	03/10/2014	2.052,97	Electricidad Cruceiro, S.L	Servizo de mantemento do alumado público municipal mes setembro
14-938	31/07/2014	93,01	Puente Ulla S.L.	Gasóleo para o vehículo de Protección Civil 2445BLH subministrado en xullo



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



14-1308	30/09/2014	103,01	Puente Ulla S.L.	Gasóleo B para os tractores municipais subministrado en setembro
14-1317	30/09/2014	1.734,22	Puente Ulla S.L.	Gasóleo A e repostos para o camión de recollida do lixo 9047HPG subministrados en setembro
14-1318	30/09/2014	130,69	Puente Ulla S.L.	Gasolina 95 para a maquinaria da brigada verde subministrada en setembro
14-1319	30/09/2014	15,59	Puente Ulla S.L.	Gasolina para a brigada de obras subministrada en setembro
98005174	30/09/2014	27,44	Fornecementos Galegos, SL (Foga)	Fotocopias realizadas na máquina da planta baixa mes setembro
1CSN140900178321	10/09/2014	233,93	Cide Hcenergia, S.A.	Subministro ao alumeadado público de Caldelas período 01/07/2014 a 25/08/2014
14/055	12/05/2014	503,36	Vagalume Xestión Integral de Servizos, S.L.	Impartición de curso de maquillaxe e caracterización en marzo/2014 dirixido á xuventude
1400249	06/10/2014	60,00	Copistaría Copistrada, S.L.	Carteis para a campaña de promoción turística <i>Vedra de Tapas</i>
1	06/10/2014	1.089,00	Senra Pérez Jorge	Impartición de curso de linguaxe de signos dirixido á xuventude
319//14	30/08/2014	586,27	Talleres y Repuestos Barco S.L.	Materiais e repostos para mantemento da maquinaria da brigada verde e dos tractores municipais subministrados en agosto
377//14	30/09/2014	681,30	Talleres y Repuestos Barco S.L.	Materiais e repostos para mantemento da maquinaria da brigada verde e das rozadoras



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



				subministrados en setembro
01/2014	01/10/2014	700,00	Asociación Club de Maiores	Actuación do grupo de teatro <i>Club de Maiores</i> dentro da rede cultural 2014 da Deputación Provincial
0537/E14	30/09/2014	103,70	Talleres San Fins S.L.	Reparación da escavadora Fiat no mes de setembro
0536/E14	30/09/2014	65,34	Talleres San Fins S.L.	Reparación do tractor J. Deere E2564BDT no mes de setembro
0488/E14	09/09/2014	108,11	Talleres San Fins S.L.	Reparación da rozadora avanzada no mes de setembro
0538/E14	30/09/2014	3.072,90	Talleres San Fins S.L.	Reparacións das rozadoras lateral e avanzada realizadas durante o mes de setembro
4327283	01/10/2014	41,00	Editorial Compostela, SA	Subscrición a <i>El Correo Gallego</i> mes setembro
S14/107913	01/09/2014	33,00	La Voz de Galicia, S.A.	Subscrición a <i>La Voz de Galicia</i> mes setembro
1410C0161324	01/10/2014	237,95	Securitas Direct S.A.	Cota mantemento alarma casa consistorial período 4T/2014
1410C0137360	01/10/2014	168,76	Securitas Direct S.A.	Cota mantemento alarma casa 3ª Idade período 4T/2014
1410C0173526	01/10/2014	171,95	Securitas Direct S.A.	Cota mantemento alarma biblioteca período 4T/2014
FRA. 10/2014	01/10/2014	26,56	DTS, SA (Digital +)	Subscrición do servizo de TV dixital e Canal + na casa da 3ª Idade mes outubro
14A/00293	30/09/2014	4.950,73	Sociser Galicia, S.L.	Prestación do servizo asistencial a domicilio (axuda no fogar) mes setembro
14A/00294	30/09/2014	8.170,47	Sociser Galicia, S.L.	Horas SAF dependencia mes setembro



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



A/94	01/10/2014	328,87	Serilua, S.C.	Impresión de camisetas para as 1 ^{as} xornadas de formación deportiva de baloncesto 2014 (<i>Clinic Vedra</i>)
93075580	07/10/2014	453,51	Siemens Renting, S.A.	Cota aluguer fotocopiadora planta baixa mes outubro
391	08/10/2014	4.196,28	Escayolas Piñan, SL	Traballos realizados para a obra construción dun novo ximnasio no polideportivo municipal
1/20.142.051	06/10/2014	509,17	Senande, S.L. - Europrint	Subministro de 32 chalecos para a actividade municipal de sendeirismo
41	31/08/2014	1.299,54	Camino Bouzón Miguel Angel	Traballos realizados na piscina municipal (visita Augas de Galicia) e no campo de fútbol de Vedra (sistema de rego) en agosto
44	30/09/2014	448,91	Camino Bouzón Miguel Angel	Traballos de mantemento da casas do antigo Xulgado, da 3 ^a Idade e do Concello nos meses de agosto e setembro
103//14	30/09/2014	2.655,35	Reparaciones Sinde , S.L.	Reparacións dos tractores e das rozadoras realizadas nos meses de xullo, agosto e setembro
2014/2557	30/09/2014	11.220,33	Sogama S. A.	Tratamento de residuos mes setembro
1401055488	01/10/2014	223,12	ADIF - Administrador de Infraestructuras Ferroviarias	Aluguer dos locais da estación do tren de Santa Cruz mes outubro
14/00680	30/09/2014	368,50	Sapa-Contenedores y Servicios, SL	Servizos prestados no punto limpo no mes de setembro
A/317	30/09/2014	459,80	Fromico, S.L. (Manuel Baluja)	Servizo de limpeza da casa do Concello mes setembro



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



1	30/09/2014	958,32	Gonzalez Couto Jose Manuel	Servizo de pala mixta para a obra de reparación da presa do Río Pontillón en Caldelas-Ponte Ulla
4001405166	30/09/2014	368,88	S. E. Correos y Telégrafos S.A.	Servizos de franqueo pagado e publicidade directa mes setembro
Liquidación	13/09/2014	100,21	González Gestoso Jorge Luis	Indemnización por impartición do obradoiro <i>Roteiro Fotográfico</i> dirixido á xuventude
14-1422	30/09/2014	94,32	Puente Ulla S.L.	Gasóleo B para o tractor 2564BDT subministrado en setembro
14-1423	30/09/2014	2,70	Puente Ulla S.L.	Produto Repsol para mantemento do tractor 2564BDT subministrado en setembro
A/882	10/10/2014	531,92	Galiza Verde, S.L.	Servizos de xestión e transporte de residuos prestados no punto limpo o día 08/10/2014
		309,67	Membros da mesa municipal de contratación	Indemnización polas reunións mantidas os días 25-30/09/2014 e 06/10/2014 no procedemento de contratación do subministro dunha furgoneta para a brigada de obras
		65,61	Membros da mesa de contratación dunha operación de tesourería	Indemnización pola reunión mantida o día 10/10/2014 para a apertura das ofertas para a contratación do refinanciamento do préstamo <i>ICO-2012</i>
		187,31	Sanmartín Carrera Carlos J.	Quilometraxe de setembro e indemnización, quilometraxe, autoestrada e aparcamento por



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



				asistencia na Coruña, os días 07-08/2014, a curso sobre o programa informático de contabilidade <i>SICALWIN</i>
		108,00	Vilas Giadanes M ^a Cruz	Quilometraxe por viaxes realizados ao concello do Pino en agosto e setembro para asistir a reunión e proceso selectivo do <i>Programa Integrado O Pino</i>
		146,27	Sabio Sanz Carmen A.	Quilometraxe pola realización do programa de educación familiar período xaneiro a setembro de 2014
		112,00	Graña Campelo Pilar	Quilometraxe por prestación servizo axuda no fogar mes setembro
		61,75	Orosa Canicoba Cristina	Quilometraxe por prestación servizo axuda no fogar mes setembro
		37,75	Iglesias Parada Carmen	Quilometraxe por prestación servizo axuda no fogar mes setembro
		62,50	Vilariño Rodríguez M ^a Cristina	Quilometraxe por prestación servizo axuda no fogar mes setembro

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas.

6º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

Dáse conta das seguintes Resolucións da Alcaldía do mes de setembro:

Nº Decreto	Data	Asunto
310	01/09/14	Licitación furgoneta para a brigada de obras mediante procedemento negociado sen publicidade
311	01/09/14	Autorización colocación barracas de recreo nas festas dos Dores de Vedra



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



312	03/09/14	Cambio domicilio padrón municipal de habitantes de Silvia Turnes y Fco J. García
313	04/09/14	Contratación persoal Plan Emprego Deputación 2014
314	10/09/14	Arquivo exp. reposición legalidade por obras executadas por dona Cristina Rizo
315	10/09/14	Expediente limpeza finca en Sales propiedade de D ^a . M ^a Carmen Picón Segade
316	10/09/14	Modificación asistencia gardería de Lía Moure Canicoba e Olivia de la Fuente Lago
317	10/09/14	Baixa gardería de Manuel Andujar Oliveira e David Mareque Barreiro
318	12/09/14	Autorización celebración festas do Patio en Santa Cruz de Ribadulla
319	12/09/14	Autorización corte de tráfico pistas municipais para o Espazo Activo da Ulla
320	15/09/14	Expediente reposición legalidade por colocación de cancela por parte de don Cristobal Rey Salgado cortando vial publico
321	15/09/14	Expediente reposición legalidade por obras en vivenda de don Manuel Granja Raviña en San Fins e remisión á APLU
322	15/09/21 4	Limpeza de fincas en Santa Cruz propiedade dos herdeiros de D. Anastasio Mella
323	15/09/14	Modificación asistencia gardería de Marcos García Castro
324	18/09/14	Arquivo expediente limpeza de finca en San Fins de Sales
325	18/09/14	Arquivo actuacións por orde de execución de consolidación de edificacións en Reboredo (Ponte Ulla)
326	18/09/14	Limpeza e acondicionamento de finca en Reboredo (Ponte Ulla)
327	18/09/14	Cambio domicilio padrón municipal de habitantes de D.Andrés M. Almazán Ortega
328	18/09/14	Aprobación bases praza profesor de informática
329	19/09/14	Lista admitidos praza profesor de informática, nomeamento tribunal e data das probas
330	23/09/14	Cambio titularidade recibos taxas recollida de lixo e rede de sumidoiros de vivenda situada en Laraño nº 26 –San Xián de Sales
331	24/09/14	Redución horario gardería de Samuel Mallou Seoane
332	24/09/14	Contratación profesora de informática de Yolanda López Bouzón
333	24/09/14	Aprobación factura Peycar para protección civil
334	25/09/14	Alta padrón municipal de habitantes de Marcos Maceira Villaverde
335	25/09/14	Ampliación SAF a dona Pura Goris Pazos
336	25/09/14	Expediente limpeza e acondicionamento de finca en Reboredo (Ponte Ulla)
337	25/09/14	Expediente reposición legalidade por obras executadas en A Torre –San Xián de Sales
338	25/09/14	Concedendo un novo prazo para limpeza de finca en Tomonde –Santa Cruz
339	25/09/14	Solicitud operación endebedamento para a cancelación de débeda pendente co Fondo de Garantía dos Pagos a Provedores
340	25/09/14	Designando membros Comisión Asesora licitación contrato subministro furgoneta
341	26/09/14	Ampliación SAF a D ^a . Purificación Goris Pazos (anulador duplicidade nº 335/14)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



342	26/09/14	Arquivo expediente denuncia limpeza parcela en Trasariz de Arriba (Vedra)
343	26/09/14	Requirimento a D. Manuel Cabo Silva para corte de árbores en Pousada de Abaixo (2º)
344	26/09/14	Requirimento a Dª María de la Fuente Pedreira para corte de árbores en Pousada de Abaixo (2º)
345	26/09/14	Aprobación cadro características obra incluída no DTC 93. Anualidade 2014
346	29/09/14	Aprobación expediente contratación obra do DTC 93. Anualidade 2014
347	29/09/14	Expediente reposición legalidade por obras de construción de cerramento e colocación de pedras sen gardar distancia en vial por parte de D. Luís R. Morao Rey
348	30/09/14	Ampliación SAF a dona Rosario Otero Santasmarinas
349	30/09/14	Concesión permiso corte de vía pública en O Burgo –Vedra

A Xunta de Goberno dáse por informada.

7º.- Outros asuntos.

7.1.- Aprobación padrón fiscal de abastecemento de auga do 3º trimestre

Dáse conta do padrón fiscal da taxa de abastecemento de auga do 3º trimestre de 2014, remitido pola empresa concesionaria do servizo, Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U, cuxo resumo é o seguinte:

Contribuíntes: 98.

M³ facturados: 2.225 m³.

Importe total: 2.583,32 euros.

Canon da auga: 714,83 euros.

A Xunta de Goberno acorda aprobar o citado padrón.

7.2.- Escrito núm. 201400000001271 da Coral Polifónica de Santa Cruz de Ribadulla.

Dáse conta do citado escrito no que don José Luís Álvarez Trigo, en representación da Coral Polifónica de Santa Cruz de Ribadulla, expón que o vindeiro 25 de outubro celebrarase na Casa de Cultura de Santa Cruz o Certame de Corais, polo que solicita a concesión dunha axuda económica para sufragar os gastos derivados da súa organización

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda por importe de trescentos cincuenta (#350,00#) euros, debendo achegar para o cobro da mesma xustificantes de gastos de polo menos o dobre da cantidade concedida.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas.